

## A INMIGRACIÓN E AS SÚAS CONSECUENCIAS NA ESCOLA: UNHA PROPOSTA DE TRABALLO PARA A TITORÍA EDUCATIVA

María Inés García-Seijo\*  
Xesús Ferreiro Núñez\*\*

### RESUME

A titoría educativa na educación secundaria obligatoria (ESO) posibilita traballar moitos aspectos inherentes ao currículo que, sen embargo, por falta de tempo quedan relegados das sesións lectivas ordinarias. Un fenómeno que preocupa actualmente de maneira especial aos docentes é a mestura de escolares nas aulas, dado que cada vez son máis os que veñen doutras culturas e relixións, ademais de teren, en moitas ocasións, unha lingua completamente allea á nosa. Lograr unha boa integración na aula, ademais de derrubar prexuízos respecto das diferenzas culturais e sociais, constitúe o nó do labor do titor ou titora. O *discoforum* como dinámica reúne, potencialmente, as características axeitadas para traballar na titoría o fenómeno migratorio e as súas consecuencias.

**Palabras clave:** Titoría educativa, *discoforum*, emigración, integración escolar.

### ABSTRACT

The educational tutorship in compulsory secondary education is the central point to work with many aspects attached to the curriculum which notwithstanding they are not completely dealt in the ordinary classes because of having no time. Today, the main concern for the teaching staff is the mixed ability levels owing to the massive number of students coming from other cultures, religions and in most cases with a different language too. The tutor's main task is to provide a complete integration in the classroom as well as reject prejudices as regards cultural and social differences. The *discoforum*, as a working method, meets properly the characteristics required to work in the tutorship such as emigration and its consequences.

**Keywords:** educational tutorship, *discoforum*, emigration, scholar integration

### INTRODUCCIÓN

A presente proposta didáctica concebiuse para traballar na ESO un tema transversal de gran importancia e incidencia na sociedade actual: o *fenómeno migratorio* e as súas consecuencias sociais, políticas, económicas, culturais e, sobre todo, humanas, para millóns de persoas no mundo, consecuencias que definen e marcan a súa vida. Está deseñada como unidade temática para traballar na titoría educativa e reforzar a súa finalidade, ao ter o obxectivo de abordar aspectos fundamentais para unha boa interacción na aula e a integración de todos os seus membros.

### 1. FUNDAMENTACIÓN

A inmigración e a emigración tiveron, teñen e terán consecuencias negativas e positivas nas sociedades nas cales se producen. De feito, o intercambio de culturas e saberes, de modos de ver a

\* I.E.S. Monte Castelo. Os Matos s/n, 27780 Burela-Lugo

\*\* I.E.S. Dionisio Gamallo Fierros. O Xardín s/n, 27700 Ribadeo-Lugo

vida e de enfocar a existencia, é fonte de riqueza, pero, ademais, comporta sufrimento, desesperación, incomprendión e rexeitamento ao descoñecido. Quen máis sofre esta situación, se cabe cuantificar tal sentimento, son os nenos e nenas que, aillados/as do seu fogar e contexto cultural, han de integrarse nun *sistema* alleo. Alleo en normas e valores e, en boa medida, en contidos, habilidades a adquirir e maneiras de vivir; en definitiva, alleo en *cultura*. Ademais, en ocasións acontece unha dobre desconexión coa sociedade que acolle, froito do descoñecemento da lingua e da profesión dunha relixión diferente e estraña.

Cada día, os centros educativos reciben máis escolares procedentes de culturas e países distintos, e de aí que a escola teña que facer un esforzo por integralos e acollelos respectando as súas diferenzas, no só no plano formal, senón no día a día na aula. Han de conxugar diversidade e integración escolar e social plena dos nenos/as e adolescentes chegados de culturas diferentes á nosa, e mesmo diferentes entre si, tarefa ardua e chea de dificultades e obstáculos. Tal e como sinala Fernández Enguita (2001:51), as diferentes respuestas escolares á incorporación de inmigrantes ao longo dos tempos foron evolucionando desde a *asimilación*, pasando pola *tolerancia*, ata chegar ao *recoñecemento*, o respecto, tal e como hoxe se afronta, cando menos de maneira formal. En todo caso, hai que ter en conta que existen dificultades que hai que solventar a través da educación para que exista coñecemento do “outro/a”, podendo así darse o devandito *recoñecemento*. É por isto que os centros escolares teñen a encomenda de coadxuvar na sensibilización da sociedade para que ese recoñecemento se produza nas mellores condicións posibles, xa que un dos principios da escola é o de atender, tanto ao individuo como ás necesidades da sociedade (Delval, 2001: 118).

A Lei Orgánica Xeral do Sistema Educativo (LOXSE, 1990), e o seu posterior desenvolvemento, considera a *acción titorial* como un instrumento fundamental no cal se ha de basar a intervención educativa, indo máis aló da relación titor ou titora-grupo de alumnos/as, dado que fai énfase no labor do equipo educativo de cara a unha boa coordinación e inserción do labor titorial no Proxecto Educativo e Curricular de Centro. Por outro lado, a titoría non é concibida como meta para un curso ou nivel, senón que debe inserirse nun Proxecto de Acción Titorial nos centros educativos, como acción permanente e continua, inherente ao proceso de ensino-aprendizaxe e a desenvolver en todos os cursos e niveis. Pola súa parte, a Lei Orgánica de Calidade da Educación (LOCE, 2002), no seu Título IV, recolle a titoría como unha das funcións do profesorado de centros escolares, para dirixir a aprendizaxe do alumnado, transmitirles valores e axudalos, en colaboración cos pais, a superar as súas dificultades. É de supoñer que a nova Lei Orgánica de Educación (LOE) que se está a tramitar na actualidade dea un paso máis que as anteriores nesta dirección.

Para traballar esta proposta didáctica, e para a totalidade do proceso, tomamos como referencia a Teoría de Aprendizaxe Significativa (Pozo, 1989 e Moreira, 2002) enmarcada dentro do modelo constructivista. Sérvenos de guía para a organización da estratexia didáctica, posto que se planifica a intervención docente na aula. Así, desde esta óptica, os pasos fundamentais que lle encómenda ao docente son:

- Procurar identificar os conceptos más importantes e os secundarios do tema a traballar, neste caso a emigración-inmigración.
- Presentar e identificar inicialmente os conceptos más xerais, para logo aportar a información que concrete e clarifique o seu significado e permita evidenciar a relación entre conceptos inclusivos e seleccionados.

- Explicitar a relación existente entre a nova información que se pretende que aprendan e aquela que xa existe na estrutura cognitiva do alumno ou alumna.

A transferencia dos conceptos novos aprendidos a novas situacóns de aprendizaxe estará en función do grao de diferenciación dos mesmos e das xerarquías conceptuais establecidas.

## 2. A DINÁMICA E AS SÚAS CARACTERÍSTICAS

A dinámica elixida, o *discoforum*, responde á finalidade de traballar en grupo de forma activa e participativa xa que, partindo dunha tarefa educativa na cal a música e a letra son un recurso fundamental, preténdese a comunicación entre os participantes do grupo. Establécese, así, unha dinámica interactiva de transmisión de contidos, posibilitando o descubrimento, vivencia e reflexión dunha realidade ou actitude vivida ou que está latente no propio grupo e na sociedade á que pertenecen os alumnos e alumnas.

Deste xeito, permítelle ao docente o emprego de dúas “ferramentas”, a palabra e a música, convertíndose nunha actividade que posibilita indagar nos sentimientos, valores, etc.; noutrous termos, “palabra y música, dos expresiones complementadas, donde la palabra es interpretada siguiendo una melodía musical” (Ortega e outros, 1996: 135).

A música constitúe un medio para chegar aos adolescentes moi propio da súa idade (Llopis: 1999: 27), ao non ser considerada por eles/as como algo alleo e imposto, xa que é percibida como propio. O aspecto máis relevante en torno á mesma é saber que tipos de música, que gustos diversos coexisten na aula. A experiencia indícanos que as letras dos temas de éxito ou populares son reproducidas e cantadas por mozos e mozas sen reparar nos seus contidos. Os gustos nestas idades responden, na maior parte, a fenómenos relacionados con modas, radiofórmulas, melodías pegadizas, publicidade, etc.

Desta forma, segundo os estilos musicais maioritarios, podemos traballar diferentes temáticas ou ámbitos (sociais, de protesta, íntimos...), máxime se consideramos que a música constitúe un medio moi valioso para poder aproximarnos a grupos de diferentes idades, entre eles, como xa dixemos, aos de adolescentes. A canción sitúase como unha expresión de vida e de comunicación que nos achega ás problemáticas da sociedade. Por esta razón, música e letra convírtense nun medio educativo ao posibilitar o reflexo de experiencias e vivencias propias. Sírvenos para abrir novas canles de comunicación cos alumnos e alumnas nos diferentes momentos do proceso de ensino-aprendizaxe, favorecendo, ademais, un tratamento interdisciplinar do currículo, particularmente a diversidade existente na aula, ao tempo que se facilita a posta en práctica dun ensino transversal.

Os ámbitos onde soen facer uso da audición musical os adolescentes, e que debemos considerar para o traballo na aula, podemos reducilos a dous:

a) *Privado/íntimo*. Na súa propia casa, a miúdo na habitación, como refuxio ante a *incomprensión* dos que o rodean ou simplemente para escuchar música en solitario. Neste ámbito teñen lugar, xeralmente, dúas formas de disfrutar da mesma e “evadirse” da realidade con ela: a través dos auriculares e mediante altofalantes. É dicir, aillándose ou facendo partícipes ás persoas do entorno.

b) *Público e en tempo de ocio co seu grupo de iguais*, en locais de diversión. Este é o contexto onde máis inflúe o grupo de amigos/as ou compañeiros/as, moi superior ao sistema de valores establecidos na familia e ao estilo educativo do cal se dota esta.

Se a música é unha “ferramenta” óptima para desenvolver actividades dinámicas que favorezan a participación na aula, o *forum* revélate como o espazo de tempo axeitado para expresar os sentimientos e ideas que un determinado tema provoca. Á súa vez dá pé a reinterpretalos e analizalos desde ópticas diferentes ás que se viña facendo e permite abordar aqueloutros aspectos que directa ou indirectamente están relacionados co mesmo tópico. A devandita reinterpretación será máis rica se na aula coexisten escolares doutras culturas.

Polo tanto, tendo en conta os elementos que configuran esta dinámica –música, letra, forum, alumnos/as, docente– constitúese como o texto ou *pre-texto* para desenvolver unha clase participativa baseada nun recurso de gran influencia entre os adolescentes.

### 3. DESTINATARIOS

A proposta está dirixida a alumnos/as de 2º, 3º e 4º de ESO, entre os 13 e os 16 anos aproximadamente, sendo tamén útil para traballar en Programas de Garantía Social. Esta idade caracterízase polo comienzo do pensamento abstracto ou das operacións formais. Tamén se fai posible o acceso ao razonamento científico e se establecen discursos racionais sobre a realidade social que os circunda. Así, os alumnos/as destes cursos responden, a grandes rasgos, ás seguintes características:

- Están en plena adolescencia, algo adiantada nas mozas, onde se producen problemas de identidade e de reelaboración da imaxe corporal ao estar permanentemente sufrindo cambios físicos.
- A inseguridade é outro factor determinante nesta idade, pola cal están continuamente na necesidade de autoafirmarse, empregando para elo calquera elemento que llelo permita. Comenza eiquí a toma de conciencia de si mesmos, sendo crecente a conciencia do EU e a necesidade de independencia.
- A conflictividade na escola e na casa comenza a facer a súa aparición, cuestionándose normas e regulamentos de funcionamento institucional e no seo da familia.
- A influencia do grupo de iguais cada vez é maior, cunha lealdade e adaptación ás súas esixencias moi elevadas, restándolle así importancia á opinión e criterio da familia.
- Teñen unha conciencia crítica moi elevada, pero escasa autocriticá. Xa non serve o que din os adultos ou o *porque si*, senón que piden explicacións de todo. É por isto que existe tendencia a rebelarse contra todo o que signifique “autoridade”.

## 4. OBXECTIVOS

### 4.1. Obxectivos da ESO

No DCB figuran, entre outros, os seguintes obxectivos xerais a conseguir na ESO:

a) Interactuar constructivamente con outras persoas adoptando actitudes de flexibilidade, cooperación, participación, interés e respecto, superando inhibicións e prexuízos e rexeitando todo tipo de discriminacións motivadas por características persoais (idade, sexo, rasgos físicos...) e sociais (clase social, relixión, ideoloxía...) das mesmas.

b) Analizar os mecanismos e valores básicos que rixen a sociedade na que vive, en especial os relativos aos seus dereitos e deberes como cidadán/á e traballador/a, elaborando xuízos e criterios persoais sobre eles e actuando consecuentemente dentro dos grupos sociais aos que pertence.

Polo que respecta á LOCE, algunha das capacidades ás que contribuirá a etapa son as seguintes:

1. Asumir responsablemente os seus deberes e exercer os seus dereitos no respecto aos demás, practicar a tolerancia e a solidariedade entre as persoas, e exercitarse no diálogo afianzando os valores comúns dunha sociedade participativa e democrática.
2. Afianzar o sentido do traballo en equipo e valorar as perspectivas, experiencias e formas de pensar dos demás.
3. Coñecer os aspectos básicos da cultura e a historia e respecto ao patrimonio artístico e cultural; coñecer a diversidade de culturas e sociedades, a fin de poder valoralas críticamente e desenvolver actitudes de respecto pola cultura propia e pola dos demás.

#### **4.2. Obxectivos da proposta didáctica**

Os obxectivos e capacidades citados no apartado anterior guían, a grandes rasgos, o desenvolvemento da proposta que, nembargantes, se concreta noutros específicos, tal e como se recolle a continuación.

1. Reflexionar e analizar os fenómenos migratorios e as causas que os provocan, utilizando como recurso para tal fin a letra e a música de composicións que aborden esta problemática.
2. Favorecer a integración dos e das escolares de culturas alleas á nosa.
3. Modificar actitudes negativas sobre persoas de culturas e realidades diferentes.
4. Promover a educación en valores mediante o *discoforum* e o traballo cooperativo na aula.
5. Fomentar a capacidade de empatía a través dunha dinámica de simulación.

### **5. CONTIDOS**

Polo que respecta aos contidos da proposta, xa se indicou na fundamentación que, ademais de traballar na implementación de conceptos, feitos e principios, a finalidade xeral pretende que os escolares reflexionen en torno ás actitudes, valores e normas relacionadas co fenómeno da inmigración-emigración e as súas consecuencias na nosa sociedade, e máis concretamente no referido aos alumnos/as que acollen os nosos centros escolares.

### **6. PROPOSTA DALGUNHAS ACTIVIDADES**

Neste apartado refléxase unha breve proposta de actividades que se poden traballar na aula, tendo en conta que os distintos contextos requieren distintos enfoques, polo que só pretende ser un exemplo. A secuencia pode ser como segue:

1. Audición en gran grupo, sen introdución previa do tema por parte do ou da docente, coa fin de que abrollen as primeras impresións sobre o mesmo: ¿Que lles suxire e que pensan da emigración?

2. Presentación e lectura compartida do texto da canción no grupo-clase. Identificación dos conceptos clave.

3. Dinámica de simulación onde se adopten roles de emigrantes e non emigrantes, identificando sentimientos, se é posible, a través dun número limitado de palabras. O titor ou tutora aportaralle a cada grupo material impreso sobre o tema para que poida formarse unha opinión o máis completa posible, se ben deberá ter en conta que o obxectivo non é profundizar no tema, senón promover a reflexión, modificar actitudes, etc.

4. Posta en común dos sentimientos experimentados, tomando nota das palabras utilizadas para comunicalos e analizándoas. Os alumnos e alumnas deberán traballar sobre os coñecementos que tiñan antes de abordar o tema e a nova información manexada.

5. Nova audición e fragmentación da letra en estrofas para a análise en pequenos grupos, partindo de interrogantes como estas: ¿Que suxire cada verso? ¿Tés familiares que estiveran emigrados ou se atopen nunha situación semellante á descrita? ¿Que pensas da mensaxe que transmite o autor ou autora? ¿Cales son as causas que provocan este fenómeno?...

6. Substituir os tempos verbais pola 1ª persoa de singular e valorar o que suxire a lectura da canción escrita e cantada deste xeito.

7. Buscar unha noticia nun xornal que relate unha situación semellante e facer unha valoración crítica da mesma.

8. Seleccionar, en gran grupo, as 10 palabras que mellor definen a problemática e consecuencias do fenómeno migratorio. Posteriormente analizarase se éstas abranguen a problemática antedita ou hai que modificar a selección.

9. Cada grupo contactará con algún compaño/a ou profesor/a que naceste noutro país para que lles relate brevemente a súa experiencia de emigrante-inmigrante, para logo expoñela na aula e, finalmente, facer unha valoración de todo o traballo realizado.

A continuación, reproducése a letra dun tema que consideramos axeitado para desenvolver a proposta:

- Título do tema: *Extranjeros*
- Autor de música e letra: *Pedro Guerra*
- Título do disco compacto: *Ofrenda*

### **EXTRANJEROS**

están por ahí llegaron de allá  
sacados de luz ahogados en dos  
vinieron aquí salvando la sal  
rezándole al mar perdidos de Dios

gente que mueve su casa  
sin más que su cuerpo y su nombre  
gente que mueve su alma  
sin más que un lugar que lo esconde

están por aquí cruzaron el mar  
queriendo París buscando un papel  
llegaron de allí vivieron sin pan  
intentan seguir no quieren volver  
gente que mueve su casa...

por ser como el aire su patria es el viento  
por ser de la arena su patria es el sol  
por ser extranjero su patria es el mundo  
por ser como todos su patria es tu amor

recuerda una vez que fuimos así  
los barcos y el mar la fe y el adiós  
llegar a un lugar pidiendo vivir  
huir de un lugar salvando el dolor

gente que mueve su casa...

por ser como el aire...

Ademais do citado, podemos botar man doutros cantautores e grupos. Sinalamos algúns deles: Luis Eduardo Aute, Tontxu, Rafael Amor, A Quenlla, Chavela Vargas, La Oreja de Van Gogh, Celtas Cortos, Amistades Peligrosas, Víctor Manuel...

## 7. METODOLOXÍA

A metodoloxía proposta para esta actividade ha de ser activa e participativa, na cal os alumnos/as forman parte da propia dinámica, sendo á vez suxeitos participantes e promotores da mesma. Preténdese orientar cara unha metodoloxía distinta á empregada habitualmente nas sesións de aula. Tal e como se veu describindo brevemente nos exemplos de actividades propostas, en primeiro lugar procederase á audición da canción para situar ao alumno/a no tema a traballar. Nun segundo paso farase unha dinámica de grupo, onde se traballarán os distintos temas da canción elixida. Ademais, levaranse a cabo outras actividades individuais, en pequeno e gran grupo. Debemos lembrar que a metodoloxía empregada nesta dinámica ha de ser flexible, adaptándose ás necesidades e esixencias do alumnado e da dinámica en si. A secuenciación responde á orde de actividades propostas, adaptando o tratamiento metodolóxico ás sesións que se realicen e ao número de participantes. Como proposta aberta que é, será o/a docente quen a adapte ao seu contexto e circunstancias. Se se pode

contar co *vídeoclip* do tema elixido (o escollido por nós figura nun disco que o permite), a todo o sinalado incorporáfámosslle o traballo coa imaxe, como elemento didáctico reforzador da mensaxe explícita e implícita contida na canción.

## 8. TEMPORALIZACIÓN

Realizarase en diferentes sesións para dar tempo a unha reflexión sosegada do tema traballado, así como á busca de información complementaria, tratando de trasladar esta temática ao resto de materias e disciplinas do currículo, coa fin de transversalizalo. Sería deseable que houbese plena colaboración entre os docentes e o titor ou titora que implemente esta proposta. O planteamento de traballo da transversalidade que vencella á escola e á sociedade ha de materializarse desde un punto de vista multiplicador. Así, creemos que a temporalización mínima ha de situarse en 4 sesións de titoría de 50 minutos.

## 9. RECURSOS

Para levar a cabo esta actividade precísanse poucos recursos materiais: un reproductor de Cd e o Cd orixinal, fotocopias coa letra da canción elixida, un espazo de aula que posibilite a audición cunha mínima calidade e a posibilidade de agrupar o mobiliario de forma flexible para poder levar a cabo a dinámica de grupos de manera axeitada. Se se contase co *vídeoclip* sería preciso, tamén, un canón láser para visionalo e poder así deterse nas imaxes para a súa análise.

## 10. AVALIACIÓN

Toda avaliación ha de estar relacionada coa actividade, así como coa metodoloxía empregada durante o transcurso da mesma, e cómpre para tal fin unha avaliación que se desenvolva nas tres fases ou momentos básicos. A primeira correspondece co momento previo á actividade e debe servir para poñer de manifiesto os coñecementos previos do grupo. Durante o proceso de desenvolvemento farase a avaliación continua, para a cal se empregarán as respuestas dadas a diversas cuestións, técnicas de observación participante e non participante -habería que instruir no manexo básico desta técnica aos alumnos/as para que algún/ha tome notas cun mínimo de rigor durante as sesións, ademais das que tome o titor ou titora,-... Esta información indicaranos como se está a desenvolver a actividade e se procede facer modificacións sobre o deseño inicial. Por último levarase a cabo a avaliación final, a través da cal se analizará o proceso de implementación de todas as actividades en función dos obxectivos, así como o grao en estes foron conseguidos.

## CONCLUSIÓN

1. A titoría educativa, empregada de maneira lúdica, convírtense en nexo entre as vivencias asociadas ao tempo de ocio e de lecer e ao escolar, que devén nunha oportunidade moi positiva para reconvertir concepcións vulgares en científicas, analizando prejuízos e estereotipos, moi comúns á hora de valorar o fenómeno migratorio.

2. A metodoloxía activa e participativa maniféstase, potencialmente, axeitada para traballar temas transversais, ofrecéndolles aos alumnos/as na titoría educativa a posibilidade de aprender

significativamente, ao partir dos coñecementos previos que posúan sobre a temática elixida a través da música da que gostan e daquela que sen ser do seu gosto coñecen.

3. A música revélase, se atendemos á venda de discos e á influencia que exerce sobre adolescentes e xóvenes en radiofórmulas, discotecas e outros espazos de ocio, como unha vía para traballar problemas sociais, emocións, sentimentos. Ademais, o *discoforum* é a técnica que proporciona o tempo e o espazo axeitados para reflexionar sobre as mensaxes das letras dos temas.

4. Abordar contidos transversais a través da música e doutras artes como o cine, a pintura, ou incluso, a través da informática ou o deporte, nun espazo e nun tempo determinados como é a tutoría educativa, é un bo camiño para fomentar a reflexión sen condicionamentos polos gostos particulares de cada escolar.

Finalmente, faise preciso sinalar que o fomento e a creación de habilidades sociais para o respecto ao outro/a e ao entorno, así como para a resolución de conflictos persoais e sociais, ha de constituirse, ao noso xuízo, como o eixo vertebrador da sociedade actual e futura, de vasta complexidade e cambios vertiginosos.

## BIBLIOGRAFÍA

- ARNAIZ, P. E ISÚS, S. (2003): *La tutoría, organización y tareas*. Barcelona, Graó.
- COLECTIVO AMANI (1992): *Educación intercultural*. Madrid, Editorial Popular.
- DELVAL, J. (2001): *Aprender en la vida y en la escuela*. Madrid, Morata.
- FERNÁNDEZ ENGUITA, M. (2001): *Educar en tiempos inciertos*. Madrid, Morata.
- FERREIRO NÚÑEZ, X. E GRADAÍLLE PERNAS, R. (2001): *O discoforum: un nexo entre a escola e a sociedade*, en III Xornadas Transversalidade nas ensinanzas non universitarias. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- GIMENO SACRISTÁN, J. (2002): *La educación obligatoria: su sentido educativo y social*. Madrid, Morata.
- GUERRA, P. (2001): *Raíz*, en Ofrenda. (Disco Compacto). Madrid, BMG Music Spain.
- LEI ORGÁNICA 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE).
- LEI ORGÁNICA 10/2002, de 23 de decembro, de Calidade da Educación (LOCE).
- LLOPIS, E. (1999): *Culturas musicales y aprendizaje cooperativo: Pop, rock, heavy y bakalao en la clase de música*, en Cuadernos de Pedagogía nº 279, p. 27.
- MOREIRA, M. A. (2002): *Aprendizaje significativo: teoría y práctica*. Visor, Madrid.
- ORTEGA, P., MÍNGUEZ, R. E GIL, R. (1996): *La tolerancia en la escuela*. Barcelona, Ariel.
- ORTEGA CAMPOS, M. L. (1994): *La tutoría en secundaria obligatoria y bachillerato*. Madrid, Popular.
- POZO, J. L. (1989): *Teorías cognitivas del aprendizaje*. Madrid, Morata.
- REAL DECRETO 1007/1991 de 14 de junio, por el que se establecen las enseñanzas mínimas correspondientes a la Educación Secundaria Obligatoria. Madrid, MEC.
- ROSALES LÓPEZ, C. (1999): *Textos para la enseñanza de los temas transversales*. Santiago, Tórculo.
- VV. AA. (2000): *Valores y temas transversales en el currículum*. Barcelona, Graó.